

PLAN DE CONTINXENCIA

1. INTRODUCCIÓN

O Plan de continxencia do CEIP Plurilingüe Isidro Parga Pondal ten como obxectivo determinar os proceso de reanudación da actividade académica presencial no caso de que se suspendera a actividade docente como consecuencia da aparición dun abrocho que signifique o cese da actividade presencial na aula/ etapa educativa/. Este documento desenvolve as medidas a adoptar no centro educativo para as diferentes actividades en todos os escenarios posibles, para o inicio da actividade no mesmo no curso 2020-21. O documento se desenvolve de acordo a normativa vixente, sen prexuízo das modificacións que poidan realizarse posteriormente, de acordo ao que se poida dispoñer na normativa sobre a materia. Estas medidas iranse actualizando cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiren.

2. OBXECTIVOS

- Crear unha resposta clara ante un posible cese da actividade presencial detallando que se fará para continuar coa ensinanza neste caso.
- Detallar os pasos a seguir

3. CONSIDERACIÓNS PREVIAS

Este Plan de Continxencia contempla as medidas preventivas, técnicas, humanas e organizativas de actuación, necesarias en cada momento ou situación respecto a potencial ameaza, establecendo as instrucións e responsabilidades precisas, para o que están definidos:

- Que recursos materiais son necesarios.
- Que persoas/cargos implicadas no cumprimento do plan e as súas responsabilidades concretas.
- Que normas, protocolos ou instrucións de actuación deben seguirse.

4. IDENTIFICACION DE NIVEIS DE EXPOSICION E ESTABLECEMENTO DE MEDIDAS DE CONTINXENCIA

As medidas preventivas que se adoptaron no centro seguen todas as instrucións e recomendacións previstas pola autoridade sanitaria en todo momento e son complementarias o resto de medidas preventivas implantadas xa no centro con motivo do cumprimento da normativa en materia de prevención de riscos laborais. Neste centro consideramos os seguintes niveis:

Nivel 1	Nivel 2	Nivel 3
EXPOSICIÓN DE MEDIO/ALTO RISCO	EXPOSICIÓN DE BAIXO RISCO	BAIXA PROBABILIDADE DE EXPOSICIÓN
Membros de equipo Covid en contacto con alumnos/as que presenten sintomatoloxía compatible con Covid 19.	Persoal do equipo directivo Persoal docente Persoal administrativo Persoal do servizo de transporte escolar Persoal do servizo de comedor, Persoal do equipo docente (actividades extraescolares) Alumno/as	Persoal de limpeza Persoal de mantemento Persoal do servizo de comedor (Personal de cocina que non atende el servizo de comidas) Familias de alumnos /as
REQUERIMENTOS	REQUERIMENTOS	REQUERIMENTOS
Medidas hixénicas Uso de equipos de protección (mascara, pantallas, guantes, bata/ropa de aislamiento)	Será necesario a aplicación de medidas hixénicas Uso de equipos de protección individual : mascara Medidas de distanciamento interpersonal	Uso de equipos de protección (guantes, mascarar...) Medidas hixénicas Distanciamento Interpersoal.

5. INCORPORACIÓN DE ALUMNOS/AS O CENTRO. INFORMACION IMPORTANTE A COÑECER POLAS FAMILIAS

Dentro do escenario de transmisión comunitaria polo virus SARS-CoV-2 e co fin de disminuir o risco de contaxio nos centros educativos, indícanse os síntomas cos que **non deben acudir o centro educativo** tanto os alumnos/as, como os traballadores do mesmo:

- Febre o febrícula (>37,2)
- Tose

- Conxestión nasal
- Dor de gorxa
- Dificultade respiratoria
- Dor torácico
- Dor de cabeza
- Dor abdominal
- Vómitos
- Diarrea
- Dor muscular
- Malestar xeral
- Lesións ou manchas na pel
- Disminución do olfato e gusto,
- Escalofríos.

As familias firmarán unha declaración responsable na que declaran coñecer esta norma e se comprometen o seu cumprimento (ANEXO 1).

O alumnado que presenta condicións de saúde que lles fan mais vulnerables para COVID-19 (como, por exemplo, enfermidades cardiovasculares, diabetes, enfermidades pulmonares crónicas, cancro, inmunodepresión ou hipertensión arterial), poderá acudir ao centro sempre que a súa condición clínica esté controlada, mantendo medidas de protección de forma rigurosa, salvo indicación médica de non asistir.

Proporcionarase información e formación o alumnado sobre as medidas contempladas no Plan. A formación o alumnado impartirase os primeiros días do mes de setembro. Ademáis, tamén é fundamental para a prevención do virus as seguintes medidas de hixiene:

- Na entrada e saída do centro (medidas de protección respiratoria, desinfección de mans, etc.).
- Medidas de hixiene persoal (periodicidade do lavado de mans no centro e medidas respiratorias, evitar compartir materiais ou establecer limpeza tras o seu uso e distancia de seguridade.
- Mobilidade e desprazamentos polas dependencias do centro, tempos de espera e distancias.

- Adaptación da información en cartelería, sinalización... (pictogramas).

DESCRIPCIÓN DAS MEDIDAS A IMPLANTAR			
ACTIVIDAD/ SERVICIO	MEDIDA	APLICACIÓN DA MEDIDA	DESENVOLVEMENTO DA MEDIDA
ATENCIÓN FAMILIAS	DISTANCIA interpersoal	SEPARACIÓN FÍSICA de 1,5m ENTRE PERSONAS	As titorías se realizarán de forma telemática ou via telefónica. As titorías con pais/nais que deban ser presenciais se realizarán mantendo a distancia interpersoal de 1,5m e con uso de mascara.
	PROTECCIÓN	USO DE MÁSCARAS	Será obrigatorio o uso de mascarillas nos traslados polo centro e nas reunións, salvo no caso de persoas exentas do seu uso de acordo á normativa as que se lles aplicará sempre a medida de distanciamento interpersoal
	HIXIENE	LAVADO MANS DESINFECCIÓN ZAPATOS EVITAR CONTACTO CON MATERIAIS	Desinfección de mans no acceso ao centro mediante o uso das alfombrillas desinfectante nos accesos. Instalaranse alfombrillas desinfectantes en cada acceso ao centro. Procurarán non tocar nada e traer os documentos preparados ou traer o seu propio material.
	Outras medidas	Control persoal	de

			etc., l o fará con cita previa e deberá rexistrarse. Se potenciará a utilización de recursos tecnolóxicos para a realización de titorías virtuais a través de plataformas de comunicación utilizadas polo centro seguindo as normas.
CONSERXERÍA/ SECRETARÍA	DISTANCIAMIENTO O INTERPERSONAL	SEPARACIÓN DE 1,5m CON OUTRAS PERSONAS	As persoas que concurren en este servizo deben manter unha distancia de 1,5m entre sí
	EQUIPOS DE PROTECCIÓN	USO DE MASCARILLAS	O uso de mascarilla será obrigatorio para os usuarios do servizo e quen o presta..
	Hixiene	Desinfección de calzado	Será obligatoria la desinfección de mans para os usuarios do servizo e quen o prestan e de calzado.
	Formación	Carteles de información	As medidas de hixiene que deben observarse no uso do servizo se informarán mediante carteles ben visibles
TRANSPORTE	EQUIPOS hixiene	USO DE MÁSCARA De mans e calzado	Será obrigatorio o seu uso Hixienizar as mans co xel e limpar o calzado atravesando polas alfombras situadas para ese fin.

6. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

6.1 Non asistirá ao centro o alumnado ou persoal que teña síntomas compatibles con COVID-19, así como aquel que se atope en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter

contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

6.2 Diante dun suposto no que unha persoa da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual (AULA COVID), colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto á que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar ao alumnado.

6.3 Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

6.4 No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinala a xefatura de sanidade.

6.5 A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co/a seu/súa pediatra para que este/a avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

6.6 Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun

centro teña que estar illada unha parte (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

6.7 A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena, o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

6.8 A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos

A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.

Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

6.9 A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

6.10 A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

7. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

7.1 O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. Realizarase o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos recursos dispoñibles, ben achegados

polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

7.2 O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

7.3 Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

7.4 Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas.

- a) Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.
- b) Actualizar a aula virtual dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino aprendizaxe.
- c) Realizar tarefas de desinfección profundas no centro.
- d) Revisar o protocolo para modificar os aspectos que se estimen necesarios.
- e) Coordinar co profesorado implicado as quendas de organización das fases.

8. **MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade. Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas

consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

FASE	DURACIÓN	ALUMNADO	OBXECTIVOS
FASE 1: Adecuación dos espazos	1 semana O equipo COVID do centro establecerá as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.		Desinfección de todos os espazos. Análise da situación dos espazos e as súas necesidades. Revisión do plan de adaptación buscando posibles erros na redacción ou na execución. (Se fora preciso reorganización de entradas, saídas, recreos, espazos...)
FASE 2: Formación de pequenos grupos.	1 semana	A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 50 %.	Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans. Informar a comunidade educativa dos cambios nos protocolos de entradas, saídas... se os houbera. Formar ao alumnado nestes cambios. Combinar o ensino presencial e a distancia. Avaliación desa etapa.
FASE 3: Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos.	3 días	A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 80%.	Continuar coas actuacións desenvolvidas na fase 2 con maior número de alumnos/as. Combinar o ensino presencial e a distancia.
FASE 4: Reactivación.	2 días.	Regreso do 100% do alumnado.	Continuar coas actuacións desenvolvidas nas fases anteriores con maior número de alumnado. Revisión das actividades realizadas no período de ensino telemático. Avaliar os contidos adquiridos neste período.